

CONVOCATORIA DE CURSO DE ARBITRO/A AUTONÓMICO/A DE CARREIRAS POR MONTAÑA 2022 DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO (HOMOLOGADO EEAM)

A Federación Galega de Montañismo (FGM), a través da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM) convoca un curso de formación e titulación para todos os federados galegos/as que estiveran interesados/as na labor de arbitraje nas competicións de carreiras por montaña.

Este curso contará coa homologación da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), a través da Escuela Española de Alta Montaña (EEAM), que servirá para que no futuro calquera titulado/a neste curso poda optar ás titulacións estatais correspondentes, xa que este curso é o primeiro chanzo, de nivel autonómico.

Dende fai anos, a FEDME require para optar á titulación estatal esta titulación autonómica (coa homologación da EEAM), así como experiencia previa no eido do arbitraje autonómico.



1. **Titulación:** "Árbitro/a Autonómico/a de Carreiras por Montaña da Federación Galega de Montañismo"

2. **Obxectivo do curso:** dotar a Galicia dun cadro de árbitros/as coa formación técnica e titulación axeitada, para cubrir as necesidades de arbitrajes nas distintas probas de carreiras por montaña en Galicia.

3. **Competencias da titulación:** aquelas que se establece no Regulamento Oficial da FGM no eido das Carreiras por montaña.

4. **Coordinación e dirección do curso:** organiza a FGM a través da EGAM. A coordinación do curso estará a cargo de Manuel Domínguez Iglesias, árbitro nacional FEDME e presidente do Comité de Arbitraje da FGM.

Outras entidades colaboradoras:

CONCELLO DE LALÍN

CLUB GTR GALAICO TRAIL RUN

FUNDACION DEPORTE GALEGO/XUNTA DE GALICIA

5. **Prazas ofertadas:** máximo de 15 prazas presenciais, aínda que o número mínimo de alumnos/as para que se imparta o curso é de 10.

6. **Prezo:** O custo por alumno/a é de 190€ e inclúe dereitos de participación no curso, dereitos de avaliación (1 convocatoria ordinaria), documentación, título final para aprobados/as. Non inclúe aloxamentos nin manutención, aínda que os alumnos/as que así o desexen poderán aloxarse de xeito gratuito nas instalacións do albergue municipal "Vicente Agulló" en Mouriscade, Lalín.

7. **Lugar, datas e horarios:** O curso celébrase os días 7, 8 e 9 de outubro de 2022 no **ALBERGUE MUNICIPAL "VICENTE AGULLÓ"** en Mouriscade, Lalín, Pontevedra e no entorno da praia fluvial "Pozo do Boi" Vilatuxe, Lalín para prácticas de marcase e proba física.

Horario: venres de 4 a 21 h (descanso de 30'), sábado de 9 a 14 h e de 16 a 21 h, domingo de 9 a 14 h e de 16 h a 17 h.

Probas físicas

- Obxectivos:

Obter unha promoción de árbitros/as cualificados/as, tanto técnica como fisicamente.

- Metodoloxía:

Superación dunha proba física a realizar o mesmo día das prácticas de marcase de percorridos. Percorrido por montaña de 500 mts de desnivel positivo nun tempo máximo de 1 hora.

8. **Parte online:** como parte obrigatoria previa, todo o alumnado ten que participar e superar o curso online de “Dopaje, lo que debes saber” da Agencia Española de protección de la Salud en el Deporte (AEPSAD) que podes atopar na web <https://cursos.celad.gob.es> e achegar o certificado de telo superado ao inicio da fase presencial.



Ademáis, os contidos sobre o Entorno xurídico desenvolveranse de xeito on-line, a través de videoconferencia, dentro das horas lectivas do curso.

Profesorado do curso:

- D. Manuel Domínguez Iglesias (Árbitro FEDME de CxM e Presidente do Comité de Árbitraxe de Competición FGM)
- D. Henrique Freixeiro (Árbitro FEDME de CxM, Xerente en Empresa de Xestión Medioambiental e instructor EGAM)
- D. Carlos Fernández Rivas (Árbitro de CxM Trail Autonómico e instructor da EGAM)
- D. Raúl Leirós Gutiérrez (Árbitro FEDME de CxM Trail e Vogal FGM)
- D. Alejandro López (Avogado especialista en deportes de montaña e Instructor da EGAM)
- D. Antonio Rodríguez Pena (Enfermeiro e Instructor da EGAM)

9. Contidos, carga horaria e profesorado:

Estrutura federativa (1h)

Obxectivos: Dar a coñecer a estrutura organizativa da Federación, as funcións de cada unha das áreas, estamentos e departamentos, Estatutos, sistemas de elección de cargos, etc.

Contido: Organigrama federativo, Estatutos, regulamentos internos, funcións, comité de árbitros, estrutura, funcións, normas de funcionamento.

Profesorado: Carlos Fernández Rivas

Regulamento de Competicións de Carreiras por Montaña (3h)

Obxectivos: Dotar ao alumnado do máximo nivel de coñecemento de cada un dos puntos do regulamento e as súas posibles interpretacións, analizando e estudando casos prácticos.

Contidos: Regulamento de Competición das Carreiras por Montaña

Profesorado: Manuel Domínguez

Protocolo de protección do medio ambiente (1h)

Obxectivos terminales: Concienciar ao alumnado da importancia da protección do medio ambiente, e profundizar especialmente nos puntos do regulamento nos que se fai referencia.

Contidos: Lexislación medioambiental, normas de comportamento, cuidados especiais, etc.

Profesorado: Henrique Freixeiro

Clasificacións informáticas para as competicións (1h.)

Obxectivos: Exponer ao alumnado os distintos sistemas de toma de tempos existentes, comentando as particularidades de cada un deles, e concienciar sobre a importancia dos pasos previos e a correcta toma de datos dos participantes.

Contidos: Inscripcións, toma de tempos, fichas de recorridos, actas, uso de programas informáticos, follas e procedemento de reclamación.

Profesorado: Carlos Fernández

Protocolo de actuación ante un accidente (2h)

Obxetivos: Dotar ao alumnado dos coñecementos básicos nos protocolos de actuación en caso de accidente, estes deben saber o que deben facer, como actuar, a quen avisar, etc. También o que NON deben facer.

-Contidos: Tratar diferentes casos de posibles accidentes que se poden producir durante o desenrolo dunha carreira por montaña, información básica sobre primeiros auxilios, etc.

Profesorado: Antonio Rodríguez Pena

Entorno legal das competicións (1,5h) Telemática

Obxectivos:: Dar a coñecer ao alumnado as responsabilidades que se adquiren como árbitro desde o momento de aceptar o percorrido da carreira, que reglamentación deben cumprir os organizadores, as leis que amparan e rixen o deporte, etc.

Contidos: Lexislación deportiva en xeral,lexislación sobre federacións deportivas.

Profesorado: Alejandro López

Organización de competicións (2h)

Obxectivos: O alumnado debe coñecer como é a organización dunha competición por dentro, a súa estrutura básica, as diferentes áreas que a compoñen, como deben marcarse os obxectivos, búsqueda de patrocinio, etc.

Contidos: Organigrama básico da organización dunha competición.Funcionamiento das distintas áreas da organización da competición.

Profesorado: Manuel Domínguez

Deseño, marcaxe e seguridade dos recorridos (2h.Teoría 4h.Práctica)

Obxectivos: Aprender a deseñar un itinerario correcto, que cumpla co regulamento, unificar criterios de marcaxe, utilización de materiais, etc.

Contidos: A asignatura dividirase en dúas partes, unha primeira teórica, donde se tratarán os temas relacionados, e una segunda parte de traballo de campo poñendo en práctica todas as aprendizaxe do curso.

Profesorado: Raúl Leirós

Proba tutelada en competición (prazo máximo de 2 anos dende o remate do curso para facer as prácticas)

Obxectivo: Afianzar os coñecementos adquiridos en situación real de competición.

Metodoloxía: Participación como árbitro en prácticas nunha competición oficial baixo a supervisión do árbitro/a titular. Esta participación será en todas as fases de competicións (preparación, arbitraje e valoración/emisión de actas,..).

Tutores/as: árbitros/as titulados/as

Procedemento antidoping (3h)

Obxectivo: Expoñer os distintos sistemas de control de doping que existen, procedementos a empregar en cada caso, consecuencias da dopaxe, sustancias dopantes e a súa procedencia, etc.

Contido: Casos prácticos de control de doping, procedementos empregados polos médicos da AEPSAD. Actuación dun árbitro/a nunha competición na que se realice un control.

Este é o curso que hai que facer online na AEPSAD, indicado no punto 8 desta convocatoria.

Proba física (1,5h)

Obxectivos: Obter unha promoción de árbitros/as cualificados/as, tanto técnica como físicamente.

Metodoloxía: Superación dunha proba física a realizar o mesmo día das prácticas de marcaxe de recorridos. Percorrido por montaña de 500 mts de desnivel positivo nun tempo máximo de 1 hora.

10. Procedemento e criterios de avaliación: o alumnado terá que...

- Superar o curso on-line de “Dopaje, lo que debes saber” antes de facer as prácticas tuteladas.
- Participar no 100% das sesións presenciais.
- Desenvolver e superar un exame tipo test no que se respondan un mínimo dun 70% de preguntas correctamente.
- Desenvolver e superar unha proba práctica de marcaxe e balizamento.
- Superación dunha proba física dun recorrido por montaña de 500m+ de desnivel nun tempo máximo de 1 hora.
- Facer unhas prácticas tuteladas de arbitraje satisfactorias.



11. Prácticas obrigatorias: As prácticas, para as persoas que superen o curso, poderán facerse no prazo máximo de 2 anos, sempre informando previamente á EGAM do lugar e titor/a de prácticas.

12. Requisitos de acceso: estar en posesión da licenza federativa FEDME que cubra a práctica das CxM do ano en curso, ter 18 anos, e ter experiencia na práctica de CxM (preferentemente de competición).

13. Perfil ideal das persoas interesadas: experiencia como competidor/a e participación en competicións, experiencia como árbitro/a colaborador noutras competicións de CxM, ser técnico/a da E.G.A.M., ter formación deportiva universitaria ou profesional.

14. Forma de inscrición: As persoas interesadas terán que inscribirse en <https://fedgalmon.gal> e as prazas cubriranse por estrita orde de inscrición ata 2 xoves antes do inicio do curso.

15. Máis información: na Federación Galega de Montañismo tel. 986 208 758, na rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17 (of. 10) en Vigo, ou en secretaria@fedgalmon.gal

